

# 9

## PROSPERIDADE, CRISE E DEPRESIÓN

Por que a prosperidade dos Estados Unidos na década de 1920 se converteu na Gran Depresión durante a década seguinte?


Os fondos desequilibrios económicos do período de entreguerras (1918-1939) aumentaron as diferenzas entre Europa e os Estados Unidos, que se consolidaron como líder da economía mundial. Superados os problemas da inmediata posguerra, os Estados Unidos viviron unha época de prosperidade, que se viu bruscamente truncada polo crac bolsista de 1929, ao que lle seguiu a meirande depresión económica vivida ata daquela.

### CONTIDOS

- 1 O legado da Primeira Guerra Mundial
- 2 Os felices anos vinte nos Estados Unidos
- 3 Como se xera unha burbulla especulativa?
- 4 A Gran Depresión
- 5 Como se espallou a crise ao resto do mundo?
- 6 As propostas de recuperación da crise
- 7 A vida cotiá durante a Gran Depresión
- 8 Como se fraguou a crise económica da década de 1930?

Fotografía de Margaret Bourke-White, Louisville, Kentucky, 1937.

- Como reflicte esta imaxe a prosperidade e a crise da sociedade estadounidense no período de entreguerras?
- Que propósito cres que tiña a fotografía ao tirar esta imaxe? Xustifica a túa resposta.





# Os "felices anos vinte"

## 1.1. EUA, PRIMEIRA POTENCIA MUNDIAL

Mentres os países europeos participantes na Primeira Guerra Mundial sufriron unha grave crise económica como consecuencia do conflito, **Estados Unidos** saíu moi beneficiado.

A venda de alimentos, armas e produtos industriais aos aliados estimulou o crecemento económico e a supremacía comercial americana. Ademais, as perdas materiais e humanas resultaron pequenas en comparación coas que sufriron o resto dos países belixerantes.

Ao rematar a guerra, a hexemonía económica mundial desprazárase de Gran Bretaña a Estados Unidos, que se converteran na **primeira potencia económica e financeira mundial**.

A súa produción agrícola era moi elevada e a industrial representaba o 44,8% do total mundial. A súa meirande competitividade permitiulle invadir os mercados internacionais, anteriormente dominados polas industrias europeas.

Ademais, Estados Unidos era o principal acreedor do mundo como consecuencia dos **préstamos de guerra** outorgados aos contendentes europeos. Este país conseguira acumular a metade das reservas mundiais de ouro, e o **dólar** converteuse nunha sólida moeda de cambio.

Así mesmo, a **banca estadounidense** afianzouse como a principal investidora e Nova York logrou ser a primeira praza financeira mundial.

### A prosperidade americana

O crecemento de Estados Unidos prolongouse durante os dez anos que seguiron á fin da guerra.

Este crecemento económico fundamentouse nunha fonda transformación no proceso de produción de bens, dominado pola innovación técnica.


Dunha banda, as novas **fontes de enerxía** (como a electricidade e o petróleo) aplicadas a novos inventos xeraron a aparición de **novas industrias** (automóbil) e de **novos medios de comunicación** (radio, telégrafo, cinematógrafo...).

Doutra, o traballo en cadea (**taylorismo**) contribuíu a incrementar a produtividade e a reducir custos.


Finalmente, o aumento dos salarios obreiros e a mellora do nivel de vida da poboación implicou a aparición da **sociedade de consumo**. Os fogares da clase media comezaron a gozar de comodidades (calefacción, electricidade, teléfono...) e dispuxeron de electrodomésticos que anteriormente estaban reservados ás clases máis privilexiadas.

As campañas publicitarias, a compra a prazos e os préstamos bancarios abríronlle o camiño á era do **consumo de masas**.

### A DISTRIBUCIÓN DA PRODUCCIÓN INDUSTRIAL MUNDIAL




1. Que cambios podes apreciar na distribución da produción entre 1913 e o período 1926-29? A que foron debidos?



Cadea de montaxe da empresa Ford en Detroit. A produción en masa xeneralizouse grazas á aplicación do taylorismo, que fixo posible o traballo en cadea.

2. Relaciona o traballo en cadea co aumento da produtividade.



Cartel publicitario sobre o uso da electricidade no fogar.





A ilustración amosa a diversión e mais a vida cómoda que se estendeu entre as clases altas europeas e americanas durante a década de 1920.

@ Para saberes máis sobre a vida na década de 1920:  
[www.tiching.com/64355](http://www.tiching.com/64355)

## SABÍAS QUE...

Na década de 1920 estableceuse a lei seca en Estados Unidos que prohibía a venda de alcol. O control do mercado negro de bebidas impulsou o **gansterismo** e a violencia entre diferentes bandas rivais. Foron os anos en que o gánster **Al Capone** se impuxo pola forza nas rúas de Chicago.

Responsable de numerosos asasinatos, só puido ser atrapado pola xustiza por evasión de impostos, en 1931.

@ Para saberes máis sobre a lei seca, o gansterismo e a súas repercusións no cinema:  
[www.tiching.com/64356](http://www.tiching.com/64356)



## 1.2. O "AMERICAN WAY OF LIFE"

A euforia económica da década de 1920 xerou unha gran confianza no **modelo de vida americano** e nos valores que o sustentaban, a iniciativa, o esforzo individual e o éxito, que prometían enriquecemento e benestar a unha boa parte dos seus cidadáns.

Este novo *american way of life* fundamentábase no **consumo** individual de bens e o desenvolvemento dos **medios de comunicación** (a prensa, as revistas e a radio), que se utilizaron como medio de publicidade e adoutrinamento social.


Ademais, impúxose unha nova concepción do lecer cos modernos **espectáculos de masas** (cine, deportes, cabarés, teatro), unha nova forma máis desenfadada de vestir e o xurdimento de innovadoras correntes musicais (jazz, charlestón, blues). Este estilo de vida americano, que se identificaba coa riqueza e o benestar, converteuse no modelo para **todo o mundo**.

## 1.3. AS DIFICULTADES EUROPEAS

En contraste coa expansión americana, os **países europeos** tiveron que reconstruír a súa economía cunha produción agrícola e industrial en retroceso, un elevado número de parados e uns prezos en ascenso. Ademais, o pagamento dos **empréstimos de guerra** cunha moeda depreciada debilitou aínda máis a economía europea.

Os problemas económicos foron especialmente graves para **Alemaña**, que non puido pagar as reparacións de guerra esixidas polo Tratado de Versalles. Isto desatou unha grande inflación, a perda de valor do marco, un grande aumento do paro e un vertixinoso descenso do nivel de vida dos alemáns.

A mediados da década de 1920, a situación económica europea comezou a mellorar grazas á sinatura do **Plan Dawes\*** (1924), polo que Estados Unidos lle concedeu créditos a Alemaña para estimular o crecemento económico, e aos **Acordos de Locarno\*** (1925), que lle permitiron a Alemaña renegociar a súa débeda.



3. Que endebedamento entre países se produciu ao finalizar a Guerra Mundial? Que país era o máis prexudicado? E cal o máis beneficiado?

## SINTETIZA

- Por que Estados Unidos se converteu na primeira potencia económica mundial ao finalizar a Gran Guerra?
- En que elementos se baseou o crecemento económico estadounidense na década de 1920?
- Como definirías o "modo de vida americano"?
- A que problemas tivo que lles facer fronte a economía europea nesa mesma década?



# 2 A crise de 1929 e a Gran Depresión

## 2.1. O CRAC BOLSISTA DE 1929

A prosperidade da economía americana chegou á súa fin en 1929, cando se afundiou a Bolsa de Nova York, arrastrando tras de si a toda a economía americana.

### Causas do afundimento da Bolsa

As orixes hai que buscalas na influencia de dous grandes factores:

- A **sobreproducción**. A produción medrou máis rapidamente que a demanda e as fábricas producían máis do que podían vender. A acumulación de stocks fixo baixar os prezos e moitas empresas crebaron e cerraron as súas portas.  
O paro obreiro estendeuse, e como a poboación tiña menor capacidade de compra, o consumo diminuíu aínda máis, agravando a situación.
- A **especulación bolsista**. Durante os anos de prosperidade económica, moitos americanos investiron na Bolsa. O aumento da demanda das accións subiu moito o seu prezo, xerando grandes expectativas de ganancias que non respondían a un crecemento dos beneficios das industrias (**burbulla especulativa\***).

### O Xoves Negro

Moitos accionistas eran conscientes de que o prezo das accións era máis elevado que o seu valor real, e a desconfianza estendeuse entre os investidores. O 24 de outubro de 1929 (**Xoves Negro**) unha grande ondada de pánico afectou a **Bolsa de Nova York**: todo o mundo quería vender as súas accións e ninguén desexaba compralas.

Puxéronse á venda 13 millóns de títulos sen que atopasen comprador; esta grande oferta de accións fixo que o seu prezo caese en picado, provocando o **afundimento da Bolsa**.


## 2.2. A GRAN DEPRESIÓN

O crac da Bolsa precipitou unha **crise bancaria** porque a banca non puido atender a todos os clientes que querían retirar os seus cartos. Moitos bancos pecharon por falta de liquidez xa que non lles cobraron os préstamos realizados a particulares e a empresas arruinadas.

En pouco tempo, a crise estendeuse a todos os sectores da economía e provocou unha **recesión económica xeneralizada**. Ante o incremento do paro e o convencemento de que se avexíanaban tempos difíciles, o **consumo diminuíu** e moitas fábricas pecharon ao non poderen vender a súa produción. O número de **parados** aumentou a 13 millóns en 1932, e multitude de familias caeron na **miseria** e tiveron que recorrer ás axudas públicas.

Desde Estados Unidos, a crise estendeuse ao **resto do mundo**, pois os bancos estadounidenses retiraron os capitais depositados en Europa e as empresas americanas diminuíron os seus investimentos neses países. Así mesmo, as importacións americanas descendieron enormemente e o comercio mundial sufriu unha gran recesión, o que axudou á difusión mundial da crise.

### A COTIZACIÓN NA BOLSA DE NOVA YORK



1. Explica a evolución da cotización das accións e o porqué deste comportamento.

@ Para saberes máis sobre o crac bolsista:  
[www.tiching.com/64358](http://www.tiching.com/64358)

### GROUCHO MARX ANTE O CRAC DO 29

Moi pronto, un negocio moito máis atractivo que o teatral atraeu a miña atención e a do país. Era un asunto chamado mercado de valores. Constituía unha sorpresa agradable descubrir que era un negociante moi astuto. Ou polo menos iso parecía, porque todo o que mercaba aumentaba de valor. (...) Nunca obtiven beneficios. Semellaba absurdo vender unha acción a trinta cando sabía que dentro do ano dobraría ou triplicaría o seu valor.

Todos os meus coñecidos se interesaban pola Bolsa: o fontaneiro, o carnicero, o panadeiro (...), todos ansiaban facerse ricos, guindaban os seus salarios —e en moitos casos os aforros de toda a súa vida— a Wall Street. (...) Un día concreto o mercado empezou a vacilar. Uns cantos clientes máis nerviosos foron presa do pánico e comezaron a vender accións. Axiña o pánico botou ao lado o bo xuízo e todos empezaron a desfacerse das súas accións. Algúns dos meus coñecidos perderon millóns. Eu tiven máis sorte, o único que perdín foron 240000 dólares (...) eran todos os cartos que tiña.

Groucho MARX: *Groucho e eu*, 1959.

- Como explica Groucho Marx a especulación da Bolsa neoiorquina? E o seu afundimento o Xoves Negro?



## 2.3. A LOITA CONTRA A CRISE

Ante a extensión da crise, tanto Estados Unidos como a maioría dos países europeos adoptaron medidas para paliar os seus efectos e propiciar a recuperación da economía.

### O New Deal americano


O presidente **Franklin D. Roosevelt**, elixido en 1932, propuxo o **New Deal** (Novo Acordo), un programa que defendía a intervención do Estado. Os seus principais ámbitos de actuación foron:

- **Económico:** propúxose axudar as empresas en dificultades, crear empresas públicas en sectores sen incentivos para o investimento privado e destruír os **stocks** agrícolas acumulados. Ademais, o Estado estableceu un **control sobre os bancos**, obrigándoos a facilitar préstamos con intereses baixos.
- **Social:** para loitar contra o paro, o Estado promoveu un gran plan de obras públicas (estradas, encoros...), incentivouse o aumento dos salarios e reduciuse a xornada laboral a 40 horas semanais.

### As propostas europeas

En 1933 convocouse en Londres unha **Conferencia Internacional** para fomentar a cooperación contra a crise. Nun ambiente de insolidariedade xeral, non se conseguiron acordos, e nos anos sucesivos cada país defendeu os seus intereses particulares.

Moitos países confiaron na **intervención do Estado** para axudar á recuperación económica. Para estimular a produción, adoptáronse medidas proteccionistas e axudouse a empresas en crise; para reducir a inflación, controláronse os prezos; para estimular o consumo, aumentáronse os salarios, e para frear o paro, realizáronse ofertas públicas de emprego e diminuíuse a xornada laboral.



3. Explica como se produciu a Gran Depresión e que se fixo para paliála.

### A DEPRESIÓN EN ESTADOS UNIDOS (1929=100)

| Ano  | PNB | Taxa de paro | Investimento | Produción industrial |
|------|-----|--------------|--------------|----------------------|
| 1930 | 90  | 272          | 64           | 83                   |
| 1931 | 83  | 497          | 34           | 67                   |
| 1932 | 71  | 747          | 6            | 52                   |
| 1933 | 69  | 778          | 9            | 63                   |

2. Que evolución seguiu a economía americana a partir de 1930? Por que se coñece esta etapa como a Gran Depresión?

### @ Para ampliarse na Rede...

Consulta en [www.tiching.com/64359](http://www.tiching.com/64359) a información sobre a Gran Depresión:

- Compara a evolución do produto per cápita dos diversos países do gráfico final. En cales se notaron máis os efectos da crise?

### SABÍAS QUE...

**John M. Keynes** (1883-1946) foi un economista británico que defendeu a **intervención do Estado** para superar a crise económica. Consideraba que o investimento público, por exemplo en infraestruturas, lles daría traballo ás empresas e reduciría o paro, estimulando así a recuperación da economía.

Ante a necesidade de potenciar o consumo, tamén defendeu a conveniencia de aumentar os salarios obreiros e de axudar aos parados con subsidios.

As súas teorías aplicaríanse despois da Segunda Guerra Mundial e pódense considerar a orixe do **Estado do benestar**.



### SINTETIZA

4. Que mecanismos fixeron que a depresión americana se convertese nunha crise mundial?

5. Que decisións se tomaron en Europa para paliar a crise? Foron unitarias?

6. Que medidas propuxo o economista británico John M. Keynes para loitar contra a crise?